

Normas do uso dos equipos informáticos.

Ies Illa de Sarón - Xove

Uso de Internet:

Só se poderá acceder a Internet dende as aulas con permiso expreso do profesorado.

Visitaranse unicamente os contidos indicados polo profesor.

Co fin de optimizar o acceso á rede para tarefas administrativas ou directamente relacionadas coa docencia **recoméndase** limitar o acceso simultáneo dende varios equipos a contidos que necesiten moito ancho de banda por exemplo vídeo, descargas, música ...

Durante as gardas non se utilizarán os ordenadores de forma libre, utilizaranse os ordenadores unicamente si o profesor que falta deixou traballo.

Uso dos equipos:

Asignaráselle sempre o mesmo equipo a cada alumno. O profesor será responsable de que cada alumno ocupe sempre o equipo asignado e este será responsable do mesmo.

En caso de que un ordenador presente algunha anomalía no funcionamento ou desperfecto deberá comunicarllo ó profesor e este anotaráo no caderno de mantemento, os alumnos non poden conectar nin desconectar ningún dos conectores traseiros ni desmontar os equipos excepto si teñen permiso do profesor.

Non se permite ó alumnado modificar a configuración orixinal dos ordenadores ni almacenar datos persoais neles. Permítese almacenar arquivos directamente relacionados coas actividades de clase.

Ordenadores das aulas:

Os ordenadores das aulas situados na mesa do profesor serán utilizados exclusivamente polo profesorado. O alumnado poderá utilizalo só con autorización.

Os ordenadores das aulas Abalar teñen unhas normas propias, complementarias a estas.

Os ordenadores da Biblioteca dispoñen dunha normativa propia complementaria.